

Informe



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

OBSERVATORIO DO AUDIOVISUAL GALEGO

INFORME E CATÁLOGO 1999-2000

SECCIÓN DE
COMUNICACIÓN

Observatorio do audiovisual galego : informe e catálogo 1999-2000 /
coordinadora da publicación, Margarita Ledo Andión. — Santiago de
Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de Comunicación,
2002. — 165 p. ; 17 cm. — (Informes)

DL C-2420-2002. — ISBN 84-95415-61-5

1. Comunicación audiovisual-Galicia-Informes. 2. Medios de comuni-
cación-Galicia-Informes. I. Ledo Andión, Margarita. II. Consello da
Cultura Galega. Sección de Comunicación. III. Título

Edita: © Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2ª planta

Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

Teléf.: 981 569 020

Fax: 981 588 699

correo@consellodacultura.org

Deseño: [BARRO, SALGADO, SANTANA]

Imprime: PLANA Artes Gráficas, S.L. - Santiago

ISBN 84-95415-61-5

D.L. C-2420-2002



OBSERVATORIO DO AUDIOVISUAL GALEGO

INFORME E CATÁLOGO 1999-2000

COORDINADOR DA SECCIÓN DE COMUNICACIÓN
XOSÉ LÓPEZ

COORDINADORA DA PUBLICACIÓN
MARGARITA LEDO ANDIÓN

SECCIÓN DE
COMUNICACIÓN

Directora do ODA

Margarita Ledo Andión

Membros do ODA

Xosé Ramón Pousa

Carne Ciller

Ana Isabel Rodríguez

José Pereira

Silvia López

Entidades e organismos colaboradores

Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG)

Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela

Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela

Consello da Cultura Galega


Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento

AGRADECEMENTOS

A todas as produtoras que colaboraron con nós atendendo á nosa solicitude de datos, á Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG), á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, ó Instituto Galego de Estatística, ó Consello de Contas de Galicia, ó Consello Superior das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia, á Asociación de Empresas Galegas do Audiovisual (AEGA), á Asociación Galega de Productoras Independentes (AGAPI), ó Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, ó Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA), a Media Desk España (Madrid), á Fundación Araguañey, ó Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).

ÍNDICE

INFORME DO AUDIOVISUAL GALEGO	9
1. Prefacio	11
2. Os datos	21
3. A tele	27
4. O sector	33
5. As institucións	35
6. Conclusións e recomendacións	39
7. Anexos	43
Resumo das entrevistas a expertos no sector audiovisual galego	43
Informe da Lei do audiovisual de Galicia	53
O futuro libro branco do audiovisual	57
Análise da grella de programación da TVG	59
Relación de directores con produción nos anos 1999-2000	61
Listaxe de guionistas con produción nos anos 1999-2000	63
Distribuidoras con produción nos anos 1999-2000	65
Listaxe de produtoras con produción en 1999-2000	67
GALICIAN AUDIOVISUAL REPORT	71
1. Preface	73
2. Data	83
3. Television	89
4. The sector	95
5. The institutions	97
6. Conclusions and Recommendations	101
CATÁLOGO DE PRODUCCIÓNS 1999	105
CATÁLOGO DE PRODUCCIÓNS 2000	131
FONTES DOCUMENTAIS	165



**INFORME
DO
AUDIOVISUAL
GALEGO**

1. P R E F A C I O

107 produtos, entre obras únicas e seriadas, delas 35 de ficción, 55 documentais, 7 de animación e 6 multimedia, máis as que se ordenan no epígrafe de “outros”, foi o volume da produción de *stock* do audiovisual galego no bienio 1999-2000. Unha produción de longa permanencia no mercado, que con respecto ó bienio anterior (1997-1998) representa unha suba do 72,5%, unhas obras que poden ser almacenadas e vendidas ó longo do tempo e que, asemade, pasan a formar parte do patrimonio cinematográfico e audiovisual de Galicia, é dicir, da nosa capacidade de expresión e de relación con outras culturas a través da produción material.

596 horas de *stock* das que 446 son para ficción, 146,7 para documental e 2,36 para animación –os produtos multimedia non se contabilizan, obviamente, en tempo– e cun custo medio de 17 millóns de pesetas para a hora de ficción e con valores que van en números redondos dos 12 millóns para a serie de ficción ós 151,5 para a longametraxe ou ós 52 millóns para o telefilme. Tocante á hora de documental, o custo medio sitúase en 4,6 millóns, con 7,6 millóns para a obra única e 3,8 para a docuserie. O custo total da ficción –longametraxe, media e curtametraxe, series e telefilmes– achégase ós 7.600 millóns de pesetas mentres que os custos para documental –únicos e seriados– ascenden a pouco máis de 667 millóns.

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN

Productos participados pola TVG	Custo total	Duración en minutos	Duración en horas	Custo por hora
Coproducciones	1.186.716.000 ptas.	1.323	22,05	53.819.320 ptas.
Producción allea	200.000 ptas.	32	0,53	375.000 ptas.
Producción asociada	133.000.000 ptas.	385	6,42	20.727.273 ptas.
Producción propia	154.000.000 ptas.	2.708	45,13	3.412.112 ptas.
Producción propia externa	3.103.812.614 ptas.	16.285	271,42	11.435.601 ptas.
Total	4.577.728.614 ptas.	20.733	345,55	
Animación	6.500.000 ptas.	8	0,13	48.750.000 ptas.
Formatos documentais	489.462.614 ptas.	6.578	109,63	4.464.542 ptas.
Ficción	4.081.766.000 ptas.	14.147	235,78	17.311.512 ptas.
Total	4.577.728.614 ptas.	20.733	345,55	
Número total de productos	50			

Productos participados pola TVG	Custo total	Duración en minutos	Duración en horas	Custo por hora
Coproducciones	7.133.164 €	1.323	22,05	323.500 €
Producción allea	1.202 €	32	0,53	2.254 €
Producción asociada	799.442 €	385	6,42	124.588 €
Producción propia	925.670 €	2.708	45,13	20.510 €
Producción propia externa	18.656.532 €	16.285	271,42	68.738 €
Total	27.516.011 €	20.733	345,55	
Animación	39.070 €	8	0,13	293.029 €
Formatos documentais	2.942.083 €	6.578	109,63	26.836 €
Ficción	24.534.857 €	14.147	235,78	104.057 €
Total	27.516.011 €	20.733	345,55	
Número total de productos	50			

Productos non participados pola TVG	Custo total	Duración en minutos	Duración en horas	Custo por hora
Total coproduccións	1.635.073.996 ptas.	1.601	26,68	61.276.977 ptas.
Total encargos	35.050.000 ptas.	840	14,00	2.503.571 ptas.
Total prevenda	45.000.000 ptas.	77	1,28	35.064.935 ptas.
Total produción asociada	11.800.000 ptas.	-	-	
Total produción propia	2.205.313.090 ptas.	12.429	207,15	10.645.972 ptas.
Total produción allea	75.000.000 ptas.	85	1,42	52.941.176 ptas.
Total	4.007.237.086 ptas.	15.032	250,53	
Animación	277.371.133 ptas.	134	2,23	124.196.030 ptas.
Formatos documentais	177.802.088 ptas.	2.226	37,10	4.792.509 ptas.
Ficción	3.506.763.865 ptas.	12.625	210,42	16.665.808 ptas.
Multimedia	14.800.000 ptas.	-	-	
Outros	30.500.000 ptas.	47	0,78	38.936.170 ptas.
Total	4.007.237.086 ptas.	15.032	250,53	
Total de produtos	57			

Productos non participados pola TVG	Custo total	Duración en minutos	Duración en horas	Custo por hora
Total coproduccións	9.828.174 €	1.601	26,68	368.326 €
Total encargos	210.680 €	840	14,00	15.049 €
Total prevenda	270.488 €	77	1,28	210.770 €
Total produción asociada	70.928 €	-	-	
Total produción propia	13.255.792 €	12.429	207,15	63.991 €
Total produción allea	450.813 €	85	1,42	318.221 €
Total	24.086.875 €	15.032	250,53	
Animación	1.667.234 €	134	2,23	746.523 €
Formatos documentais	1.068.741 €	2.226	37,10	28.807 €
Ficción	21.078.609 €	12.625	210,42	100.176 €
Multimedia	88.960 €	-	-	
Outros	183.331 €	47	0,78	234.039 €
Total	24.086.875 €	15.032	250,53	
Total de produtos	57			

50 produtos e 345,5 horas están participadas pola televisión pública, TVG, das cales 235,8 corresponden a ficción e 109,6 a documental. O seu custo de produción representa *circa* de 4.578 millóns de pesetas. A lingua da V.O. –versión orixinal– das producións participadas pola TVG é a galega no 85% dos casos. En relación con este extremo quizais o paso cualitativo de meirande significación fose o acordo de compromiso da CRTVG coa Asociación Galega de Productoras Independentes, AGAPI, asinado en febreiro de 2000, no que a partir de consideracións sobre a imaxe de Galicia no exterior inclúese a V.O. en galego, amais da pertenza formal dunha porcentaxe do equipo técnico, de produción e de actores, como criterio para que unha obra sexa cualificada como “galega”.

O xenérico *audiovisual galego*, tal e como se utiliza no Informe do Observatorio do Audiovisual, ODA, é resultado da relación entre tres actores: as empresas ou sociedades de produción, os programas institucionais para a comunicación que dependen da política galega, da española e mais da europea, e os produtos, o que en curto se chaman os contidos, e que é a materia real sobre a que se constrúe a cultura, os bens cos que se obtén visibilidade e rendibilidade, alén da armazón que soporta o recoñecemento por parte de países, de suxeitos e de proxectos.

No interior deste ámbito estanse a definir varios campos de acción, con dilemas de seu, un dos cales, a *integración cinema-audiovisual* –no nivel económico, tecnolóxico, de dereitos, etc.– afecta moito a cuestións como financiamento, creación de públicos e, ó final, ó tándem cine-tv.

VERBO DO OBSERVATORIO

O informe 1999-2000 do audiovisual galego céntrase na produción de stock –quedan, pois, fóra actividades significativas como a dobraxe ou a prestación de servizos, a publicidade ou as promotoras musicais– e é, no concreto, resultado da pescuda e da compilación documental realizada nos dous últimos anos por un equipo do Departamento de Ciencias da Comunicación. O Observatorio forma parte do programa de investigación *Tv e interculturalidade: Comunicación na Periferia Atlántica* baixo a dirección da profesora Margarita Ledo Andión. O devandito programa desenvolveuse, nunha primeira fase, en busca do coñecemento estrutural do sector audiovisual e a análise comparada deste con dous países da periferia atlántica –Gales e Bretaña– para extraer determinados trazos constitutivos e localizar os puntos en que asenta o seu rol no contexto europeo.

A existencia material do sector, por unha banda, a súa necesidade, pola outra, confrontábanse, vai para cinco anos, cun escenario doado de identificar –concentración na industria dos media, converxencia tecnolóxica e desregulación– e xustificábanse por razóns políticas e culturais, é dicir, como defensa da cidadanía e como operador da diferenza. Ambas as dúas implicadas na razón económica. Ambas as dúas configurándose no cruzamento entre a produción e maila difusión, entre tal produción e a través de tales espazos de circulación.

Comezamos, así, a falar de espazos en construción, espazos xeopolíticos, culturais e lingüísticos, e interesounos a súa localización virtual no proceso europeo en curso –Arco Atlántico–, na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como parte da área lusófona e, de modo natural, na diáspora que arestora se nos indica polo consumo de “Galicia Tv”: Arxentina, México, Venezuela. Para adiantar un exemplo, non é comparable a recepción, o significado e mesmo o valor de cambio que acada a venda da canle TVG para emisións por cable en países americanos con emigración histórica que en Europa, por Vía Dixital.

No propio proceso da investigación emerxeu unha segunda fase arredor da posibilidade e da viabilidade dun sistema europeo integrado de televisións en linguas minoritarias consonte os programas da política da UE. A aplicación que se seguiu foi, precisamente, o *Observatorio do Audiovisual Galego* que tivo como albo inicial realizar un prototipo de catálogo da produción, bienio 1997-1998, agrupada en catro seccións: cine, coa subsección conforme á duración de longametraxes, media e curtametraxes; televisión, con subdivisións en ficción seriada, telefilmes, comedias de situación, e documental; animación e mais multimedia, con novos obxectos, noutros soportes coma o CD-rom, ou para outro xeito de circulación.

[1] Benavides Delgado/Fernández Blanco (eds.): *Valores y Medios de Comunicación*, Madrid, UCM, 2001.

[2] Ledo, Guyot, Michon, Stephens: *Tv e interculturalidade: Bretaña, Galicia, País de Gales*, Santiago de Compostela, Tórculo, 1998 / www.usc.es/xorna/oda/index.htm (En bretón, galego, galés e versión ao inglés).

Guyot, Ledo, Michon: *Production télévisée et identité culturelle*, Rennes, PUR, 2000. (En bretón e francés).

A análise e avaliación da nosa liña de traballo foi tema central no *II Foro de Investigación en Comunicación*, Ciclo de Outono, organizado pola Fundación General da Universidad Complutense de Madrid, FGUCM (Madrid, 11-15 decembro de 2000) e figura nas correspondentes actas¹ co título “De identidade y contenidos: vectores políticos en la investigación”. Recentemente, *Tv e interculturalidade: Bretaña, Galicia e País de Gales*² acadou a consideración de *good practice* por parte de expertos consultados para o informe xeral que a CIEMEN está a realizar a pedido do Parlamento Europeo e sobre os programas de axuda ás linguas minoritarias.

As conclusións de cada fase da pescuda así como resultados parciais da mesma fóronse presentando en diferentes espacios de discusión (galegos, portugueses, europeos e americanos), principiando polo *21 Scientific Conference and General Assembly of IRCAM* (Glasgow, 26-30 xullo de 1998) e ata a Mostra Atlántica de Televisão, MAT-2001 (Porto, 16-20 de xuño de 2001). Sinalamos, entre outras, a nosa participación no encontro de expertos, que baixo os auspicios da UE e organizado pola Universidade de Helsinki e o Instituto Iberoamericano de Finlandia, *Cultural Integration? Cultural Heritage and EU/Latin America and Caribbean Cooperation* (Tuusula, 2-4 de novembro de 1999), na *II Confêrencia Internacional sobre a comunidade das nações iberoamericanas e a sociedade da informação*, convocada pola APCNP (Santiago de Compostela, 24-26 febreiro de 2000), no *VI Encuentro Iberoamericano de Ciencias de la Comunicación*, IBERCOM 2000 e mais no ALAIC 2000 (Santiago de Chile, 25-26 de abril de 2000), no *XXIII Congreso Brasileiro de Ciências da Comunicação*, INTERCOM 2000 (Manaus, 2-4 setembro 2000) e no cadro do Porto2001, no Coloquio *Tendências do Audiovisual Europeu* (Porto, 6-7 decembro de 2000). O Observatorio foi responsable, ademais, da sección dedicada a Galicia no *I Congreso do Documental Español* (Málaga, 1-3 xuño de 2001).

Neste momento o ODA inicia, pois, a súa formalización como estrutura de apoio á investigación e ó estudio, como centro de datos e como referente para outros centros de similares características que adoito contactan connosco. A creación da web ODA como un servizo aberto a consultas e propostas (<http://www.usc.es/xorna/oda/index.htm>) confirma a nosa intención de contribuír para o debate nun ámbito que consideramos, antes que nada, polo seu valor patrimonial.

SOBRE A CONFECCIÓN E EDICIÓN

ODA 2001, o Informe do Observatorio, contou coa colaboración de Xosé Pereira Fariña –entrevistas, gráficos e tratamento informático–, de Lucía Barreiro Valladares –entrevistas e base de datos–, de Silvia López Ben –base de datos e baleirado de grellas da TVG– e mais de Olalla Sánchez Pintos para a documentación institucional e o seguimento da Lei do Audiovisual de Galicia (1999). O Observatorio agradece a colaboración das produtoras, da CRTVG –servicios económicos, xurídicos e de programas–, do Consello de Contas de Galicia, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura-Consello Superior das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia e da

Subdirección Xeral de Medios da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Como na edición anterior, son parceiros nosos o Consello da Cultura Galega e maila TVG.

APUNTAMENTOS DENDE A TEORÍA

A televisión pública (no rol de institución pública, no rol do Estado), a lingua (no canto da República, no senso de pertenza e de dereito adquirido por pertenza) e a produción de contidos como operador da práctica do pluralismo, da liberdade de expresión e mais do dereito ó intercambio, son os parámetros que definen e que lle poñen lindes ó obxecto co que nos confrontamos, un obxecto que tanto para o coñecemento académico como para as institucións responsables das políticas audiovisuais se manifesta máis e máis complexo, con múltiples entradas e lecturas, e con conexións e implicacións en case todos os eidos da industria da cultura e do proceso de mundialización.

O paradigma que se foi asentando coa pescuda, e que partía da procura de elos estratéxicos entre o coñecemento dende a universidade, os proxectos das empresas e os programas dende a administración e que axiña nos deran como inevitable, para asentar o sector, a existencia de televisións públicas pero que tamén nos amosaran carencias estruturais e outras no modo de pensar o sector, ampliouse, a nivel teórico e político, á consideración da utilidade de profundar a notación de “coñecemento en acto”, paralela á de cidadanía en acto que o filósofo Jacques Rancière reclama para os *sens papiers* e para estudiamos o mundo contemporáneo, máis aló do sentido territorial, de pertenza, que definira o ideal republicano de hai douscentos anos, abríndonos a analizar os vieiros de intervención/aniquilación de Galicia na mundialización a través do proceso en curso do seu audiovisual.

Obviamente esta posición comporta pensar Galicia como nación “en acto” e as súas institucións como unha versión –máis ou menos acaída– na tradición do Estado providencia –pódese materializar nas subvencións, ou nos orzamentos públicos para a televisión, ou no traballo das comisións parlamentarias– e as relacións destas coas institucións doutros países –incluímos as dos países do Estado español– ou comunitarias, como un resultado e como un operador, como un elemento ineludible, para os modos en que se defina este ámbito estratéxico.

Advertimos, pois, que a comprensión acertada deste extremo –compártase ou non– é a que permitirá a lectura máis axustada e operativa deste informe aínda que, como calquera texto científico, conteña unha infinidade de posibilidades de uso parcial mesmo dende supostos teóricos afastados dos nosos. En calquera caso, mesmo a distorsión interpretativa, calquera sorte de achega é un activo neste paradoxo que fai de Galicia e da súa lingua unha estación de tránsito para *la Zone*, ese lugar ó que se accede dende todas as imaxes do pasado e na que evocas todas as imaxes do mundo. En homenaxe a Chris Marker³.

SOBRE AS FONTES E CUESTIÓN DO MÉTODO

A abordaxe cuantitativa fornécenos o número e mais as características dos produtos audiovisuals galegos do bienio 1999-2000 ós que estamos en condicións de acceder, produtos listos para a súa difusión, a partir da súa clasificación nas catro categorías xa estándares: ficción, documental, animación e multimedia. Con todo, optouse por incorporar subcategorías representativas, segundo a duración –curta, media, longametraxe–, segundo a serialidade ou non, segundo o lugar de exhibición ou emisión –sala, televisión, rede– e segundo a fórmula de produción. A niveis específicos entramos, pola primeira vez, na parte de financiamento e de distribución.

A análise dos datos públicos e publicados –memorias e informes de organismos, catálogos en mercados, etc.– complementou a localización directa de datos mediante enquisa ás propias produtoras e cos materiais da TVG e da Xunta de Galicia, como tamén as entrevistas, opinións de expertos e consultas a servicios de información *on line*. Como contexto utilizáronse referentes xerais de gasto público en Cultura –Orzamentos do 2000– ademais de informes sobre a situación económica interna do sector audiovisual, extremo que permite matizar a suma do volume de negocio como único indicador da solvencia e perspectivas no sector.

A produción audiovisual estudada no período 1999-2000 artículase, pois, non só dende a tipoloxía do produto –unha tipoloxía que, no noso caso, inclúe para calquera modalidade como dato avaliativo a V.O.– senón dende o seu modo de financiamento e as súas expectativas de circulación (venta/distribución/exhibición). Esta variación –que se traduce en partes propias na ficha específica que sinte-

[3] Chris Marker: *Zapping Zone* (Proposal for an Imaginary Television). Multimedia. 1990.

tiza os datos— era imprescindible para avanzar cara á análise cualitativa do sector e reclama atención singular á lectura sobre determinados actores —como a televisión, o seu investimento en contidos e a orixe da produción allea— ou no significado de elementos de recente aparición como “a Comunicación” da CE que interpreta o Protocolo do Tratado de Amsterdam, unha das bases lexitimadoras da nosa pescuda⁴.

A presentación do informe segue unha lóxica mostrativa, comezando pola descrición empírica e funcional para despois sinalar cuestións de estrutura e para, en perspectiva, extrapolar os puntos de conflito, aqueles que lle impiden ó conxunto seguir un proceso previamente calculado ou sinalar a suspensión de iniciativas publicitadas mesmo a nivel institucional, algunhas delas recollidas no informe anterior, como a entrada en funcionamento de dúas novas canles públicas en Galicia, ou a creación da distribuidora mixta, pública-privada, “Imaxe galega”.

As variacións e tendencias son a cerna do que comunmente se denomina conclusións, mentres que o de recomendacións permítenos incorporar o noso punto de vista sobre o futuro do audiovisual e deste como parte da construción do espacio público.

[4] Protocolo adicional ó Tratado de Amsterdam, que modifica o da Unión Europea, que reconece as implicacións democráticas e as responsabilidades de cada Estado —e as variantes autonómicas, engadimos nós— nos servizos públicos de radiodifusión.

2. O S D A T O S



Cun total de cento sete productos nos que predomina o formato de obra única –trinta e cinco documentais e vinte series; seis telefilmes, once series de ficción; dez longametraxes, nove curtas e dúas mediametraxes; seis obras de animación e unha serie– pero co pulo significativo do seriado de ficción e documental, o volume de produción audiovisual experimentou un aumento do 72,5% sobre o bienio 1997-1998. En contra do que viñan declarando a nivel de intencións os responsables das produtoras, o multimedia a penas consegue despegar da man das estruturas convencionais –tres CD-rom, tres páxinas web– mentres que emerxe como máis representativa neste eido a modalidade *freelancer*, de encargo directo e –polo momento– de difícil cuantificación. Pola súa banda, a animación segue un percorrido lene, pendente da conxunción e harmonización de determinados elementos constitutivos, entre eles a formación para o traballo en equipo arredor dun proxecto como a factoría Bren e a necesaria osmose entre aspectos creativos e tecnolóxicos, entre ideación e mais execución⁵. A nosa contribución ó debate que o Instituto de la Juventud (INJUVE) realizou no contexto da Feira Internacional de Arte ARCO'2001 remarcaba este extremo en coincidencia co que manifestaban os representantes, os nosos colegas da Facultade de Belas Artes (Universidade de Vigo).



Sobrancea, no período analizado e como tendencia dominante para os vindeiros anos, a produción de telefilmes, baixo a fórmula de coproducción entre diferentes canles federadas na FORTA –Tele-Madrid estreaba en xuño de 2001 o primeiro deles, *Condenado a vivir*, unha historia que cruza a biografía de Ramón Sampredo co dereito a unha morte digna e que é representativa das temáticas de servizo público das televisións– e con doce máis en posproducción e en fase de rodaxe, e no caso de Galicia o acordo da TVG coa produtora portuguesa NTB para seis proxectos binacionais.

[5] Advertimos que *O bosque animado* entra na catalogación do seguinte bienio, 2001-2002.

Ademais das series documentais estándar –de tipo biográfico, de viaxes, de natureza, de arte, xeográficos, etc.– e tal e como comentabamos na presentación do catálogo 1997-1998, confirma-se o formato *docu-soap*, que incorpora no referente real tratamentos narrativos de liñaxe de ficción e que se trasladaron a títulos como *Chunda, Chunda*.



Con todo, e a pesar do empeño promocional, a longametraxe de ficción non consegue manter o rol que se lle apón, e agárrase á participación incidental galega en produccions alleas –como escenario de rodaxe, con contribucións e promocións institucionais para garantir a versión ó noso idioma...– e a un par de estreos que teñen un oco cativo no circuíto de salas. A baixa do número de copias en galego –por exemplo dúas para *O bosque animado*, en Santiago e en Pontevedra, e ningunha en Vigo ou na Coruña– indica que aquel fenómeno do 1999, que pretendeu a exhibición en Galicia soamente en galego –*Fisterra*, de Xavier Villaverde– vai ficando no lugar do desexo mentres que a vontade –a política– segrégase da razón colectiva ó abeiro da imposición dos circuítos e da súa escasa capacidade para negociar.






Tipo de producción	N.º de productos	Costo total	Duración total (minutos)	Duración total (horas)
Curtametraxe	9	34.189.000 ptas.	133	2,22
Longametraxe	8	1.887.540.865 ptas.	747	12,45
Mediametraxe	2	17.800.000 ptas.	97	1,62
Serie de ficción	10	5.189.000.000 ptas.	25.320	422
Telefilme	3	460.000.000 ptas.	530	8,83
Total	35	7.558.529.865 ptas.	26.827	447,12
Total Euros		45.476.7896 €		


Tipo de producción	Costo por minuto	Costo por hora	Costo por minuto	Costo por hora
Curtametraxe	257.060 ptas.	15.423.609 ptas.	1.541 €	92.431 €
Longametraxe	2.526.828 ptas.	151.609.708 ptas.	15.143 €	908.572 €
Mediametraxe	183.505 ptas.	11.010.309 ptas.	1.100 €	65.983 €
Serie de ficción	204.937 ptas.	12.296.209 ptas.	1.228 €	73.689 €
Telefilme	867.925 ptas.	52.075.472 ptas.	5.201 €	312.080 €



Investimento galego na ficción feita en Galicia



Porcentaxe de investimento galego na ficción



3. A T E L E

En nota ós medios de comunicación, remitida o sete de agosto de 2001, a CRTVG gabábase non só de ter cumprido coa normativa comunitaria no exercicio do 2000, senón tamén de reforzar a filosofía desta en que remarcaba que supera en todos os casos as porcentaxes establecidas tanto para a difusión de obras europeas, arredor de 4 mil horas, que representan un 70%, fronte ó 51% que indica o artigo 5 da Lei 25/94, como na porcentaxe destinada a investimento en produción cinematográfica europea, preto do 10%, moi por riba do 5 que se sinala a partir da modificación e adaptación da directiva comunitaria “Televisión sen Fronteiras”. Tocante á suma destinada a programas de apoio á produción independente, a televisión pública de Galicia sitúa a súa porcentaxe no 16% fronte ó 10%. A transposición española da norma comunitaria, Lei 22/1999 que modifica a devandita, fixa nun 5% do proxecto de explotación anual e neste senso a TVG, cun investimento dun 9% en telefilmes e mais longametraxes, exhibe o seu plus europeísta nunha paisaxe que, de deixarmos á marxe os casos de Francia e Alemaña, non se singulariza por seguir os mandatos da Unión. Esta fasquía pode que aínda adquira meirande interese de fixármonos no conxunto das estatais e autonómicas que, segundo o Informe Eurofiction 2000 da UAB, ofertaron para o mesmo período un 18,3 menos de ficción europea.

Pola súa banda, a intervención de Francisco Campos, director xeral da CRTVG diante da Comisión de Control do Parlamento, o 28 de xuño de 2001, parábase no equilibrio orzamentario conseguido pola canle autonómica por sexto ano consecutivo; fíxose balance dos cinco

primeiros anos do proxecto que pasou a coñecerse como “ficción feita en Galicia” e de fomento da cinematografía. De maneira significativa o máximo responsable da política da canle referíase á execución da normativa europea, ós acordos con outras canles para a difusión e comercialización a nivel español, europeo e americano e singularizaba os compromisos con sociedades portuguesas para o mesmo fin.

Dos datos que recollemos do devandito informe e que este tira de ANIEL, o hipersector da comunicación –que inclúe telecomunicacións e industria electrónica e representaría o 5% do PIB galego, *circa* de 250.000 millóns de pesetas/ 1.560 millóns de euros– ten diante súa fortalecer a base industrial e financeira como obxectivo prioritario e na opinión do director xeral da CRTVG este albo beneficiárase da creación dun *clúster* do tipo do automóbil, a pedra ou a madeira. Afondando nesta idea, nas conclusións provisórias da pescuda “Towards an European Integrated Minority Languages Tv System”, que realizamos tamén en rede, co Research Centre of Wales-UW e universidades de Catalunya e mais Irlanda, insístiase na creación dunha base de datos en cada nación –do que o ODA é unha das súas aplicacións– con vistas a facilitar información, contribuír á localización de socios para a coproducción, adquisición e difusión de obras e como punto de partida para artellarmos unha *ITC bases interactive system* que conecte entre si as empresas audiovisuais e multimedia de países con emisores en linguas nacionais e como despegamento dunha futura integración transrexional.

Cun orzamento para o 2001 de catorce mil millóns de pesetas e segundo o Informe que a sociedade Compañía de Radiotelevisión de Galicia (CRTVG) elabora para a CMNTC, por sexto ano consecutivo acadou equilibrio presupostario e continuou rebaixando unha débeda que no 1994 superaba os nove mil millóns de pesetas –con cincocentos millóns de amortización no 2000– e que arestora se sitúa en 3.858 millóns de pesetas.

Verbo das audiencias, punto de debate central para a redefinición da misión de servizo público e dos criterios que articulan a calidade televisiva, un non-lugar onde se conxuga o acceso da cidadanía a unha oferta representativa da cultura da época –p.e. os servizos *on line* ou a *webtv* é cultura da época– e do medio televisión verbo dos convencionais prensa e radio na súa misión de informar/entreter/formar, ademais da innovación, a creatividade e a diferenza como parte desa cul-

tura do medio –p.e. as series, o plató, os presentadores–, no nivel cuantitativo a TVG incrementou no período a cota media diaria en preto dun punto verbo do 1998 (18,6 no 1999; 19 no 2000) coincidindo, como dato salientable, coa estabilización das teleseries de orixe galega.



Contemplada no conxunto do caso español e advertindo sempre da notación política na súa orixe, as canles autonómicas que responden á variante de suxeitos colectivos identificados por habitar un territorio na historia, baixo parámetros rexionais nuns casos, nacionais no caso de Catalunya, Euskadi e Galicia, identifícanse cunha programación de matriz xeralista na súa oferta primeira e nos casos de Catalunya e Euskadi coa variante cultural estándar nunha segunda canle. Na franxa de 20.30 h a 24 h a TVG acadou no primeiro trimestre deste ano o 24,2 de cota de mercado (*share*), Televisió de Catalunya o 30,7 (TV3 o 25,6 e C33 o 5,1) e Euskal Telebisa o 27,4 (ETB1 o 8,6 e ETB2 o 18,8), sendo estas tres canles as líderes de audiencia no cadro da FORTA. Nesa mesma franxa horaria a TVG é a segunda canle máis vista en Galicia, onde o consumo de televisións públicas se sitúa no 58,8%, cun 28,1 para a TVE1, o 24,2 para TVG e o 6,5 para a TVE2.




Nós partimos, xa que logo, non só da necesidade, senón da inevitabilidade da TV pública como o nó organizador das funcións de servizo público como parte da democracia, en curto, como consecuencia e como causa do dereito á expresión, á cultura e á comunicación. Por iso nos fixamos nas liñas de actuación que teñen que ver coa construción identitaria –da cidadanía– e nos respectivos contextos nacionais, entre outras diferencias. Para nós a televisión non é tanto unha área que describir e sobre a que especular. É, pola contra, unha das condicións para a práctica das relacións sociais de comunicación.

Na oferta de contidos da TVG, ademais dunha media de 6 horas diarias de programas informativos –segundo Zenith Media é a canle española con máis dedicación á información– e do incremento das desconexións locais para ensaiar o modelo de proximidade, a ficción de orixe galega é a que adoito ocupa o *prime time* xunto con espazos de entretemento, tamén de produción propia, cos que se ten desenvolvido ese *tótem tv* do presentador de compañía e unha variante de neo-televisión co público de plató digna de atención singular.

Na análise dunha mostra de 600 horas referida á oferta que fai a TVG de programas de *stock*, aqueles representarían un 22,5% do tempo de emisión –134 horas–, das que o 45,7% –61,5 horas– son de *stock* galego. Nas catro semanas analizadas é galega o total da oferta de documental. Pola contra, o capítulo de filmes é, tamén na súa totalidade, de produción allea. As series galegas de ficción, un chisco por riba das 16 horas, virían a ser pouco máis do 12% dos programas de *stock*.

Tocante ás horas de emisión, dende 1998 a canle internacional Galicia TV permanece activa as 24 horas do día –un total de 8.760 horas anuais– e a TVG a penas sufriu variacións no período estudado (8.106 horas para o 1999, 8.207 para o 2000). Xunto co sinal vía satélite para Europa e América, a TVG no informe de xestión destaca que a súa oferta na Web –50.000 páxinas de información en 9 linguas– atópase xa na fase de reconversión en portal a través de Internet e que dende novembro de 2000 difunde probas técnicas para dúas canles dixitais.





Modelo de produción	Total pesetas	Total euros
Animación	283.871.133	1.701.192,17
Documental	667.264.702	3.998.805,64
Ficción	7.588.529.865	45.476.788,95
Multimedia	14.800.000	88.693,92
Outras	30.500.000	182.781,39
Total	8.584.965.700	51.448.262,08

Quizais, como adiantamos ó comezo, o paso cualitativo máis importante, nas relacións coas sociedades productoras, estea no texto asinado en febreiro do 2000 pola CRTVG e AGAPI, con compromisos explícitos para a adquisición anticipada de dereitos por parte da TVG, p.e. para o caso das longametraxes estreadas en Galicia –unicamente na súa versión en lingua galega, subliñamos nós–. Tal e como analizamos no *III Colóquio Brasil-EE de Ciências da Comunicação* que se celebrou en Manaus, Amazonia, en setembro de 2000:

A TVG dispónse a investir, ate o 2002, nove millóns de euros en producións con versión orixinal en lingua galega e fai constar, pola primeira vez de maneira explícita, que o idioma é un dos elementos referenciais para que saibamos que unha produción é galega. A carón, pois, daqueles elementos funcionais que se ampararon en coordenadas de pertenza das persoas e dos recursos a un lugar, elementos que deica hoxe dominaron a práctica, é dicir, a política, da produción de contidos, emerxe un campo de relacións consonte co proceso en curso, que vencella a lóxica da cultura cos programas de produción e de distribución, coa política de representación colectiva e coa construción, en suma, da identidade a traveso, no noso caso, da lingua galega, símbolo incontestado dun real no que a verdade pasa polo recoñecemento de que formamos parte dese inmenso xénero humano que Europa adiante son os “sen papeis”, acó os “sen terra”, no noso caso a triada de nacións “sen Estado” cuxo proceso de recoñecemento ficou tronzado de maneira violenta polo golpe militar do xeneral Franco⁶.

[6] Ledo Andión, Margarita: “Nación e produción de contidos”, *III Colóquio Brasil-EE de Ciências da Comunicação*, Manaus, 2-4 setembro de 2000.

4. O S E C T O R

Sabedores das eivas en canto á galeguización do *idearium* do sector e que se traduce, por exemplo, nas dificultades de uso do galego para as V.O. e na dominante do español como idioma de exhibición en sala, a citada declaración adquire, aquí e agora, a súa xusta significación. Así, a función de normalización lingüística como parte da construción cidadá, aínda que contemplada como elemento nodal dos principios fundacionais e de programación da canle non se trasladara endexamáis a un compromiso contractual e é polo que o texto devandito acolle valor de referente e se incardina na política de servizo público da televisión, extremo que retoma o propio ente para argumentar, como imos de seguido ver, diante da CE o dereito a recibir apoio orzamentario por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, posición que se fai explícita no Informe de Xestión ó pór en relación os esforzos de estruturación do sector audiovisual, a normalización lingüística e mais a identidade como alicerces dun mesmo proceso:

O sector audiovisual galego está acadando un recoñecemento importante en España, como se pode comprobar nas referencias da memoria anual do 2000 da Federación de Asociaciones de Productoras Audiovisuales de España (FAPAE). Os proxectos de futuro a medio prazo neste eido son: estabiliza-la produción de series de ficción para TVG, xeración de novos formatos, proxectos de desenvolvemento, conseguir que en Galicia se roden media ducia de películas de cine, impulsa-la produción de documentais e a proxección exterior de todo o audiovisual cara a España, Portugal, Europa e Hispanoamérica-Brasil. O sector audiovisual galego debería converxer no futuro cara a un 'clúster' integrador do que a CRTVG pode se-la matriz de síntese.

Con todo cómpre non esquecer que a aparencia é unha das mellores fabricacións da cultura da imaxe e que esta aparencia adoito se instala como “imaxe de marca” de todo un sector. No noso caso, e sen entrarmos na crise das empresas de dobraxe e na falla de actividade ou mesmo no peche dun número significativo de sociedades case “unipersoais”, a situación económica dalgunhas das de meirande dimensión, volume de vendas, número de traballadores e pluriactividade é preocupante se se observa dende parámetros como endebedamento, equilibrio orzamentario e solvencia.

Con todo, tanto o valor engadido (entre o cincuenta e o sesenta por cento) como a rendibilidade están nun nivel medio e fálannos dun ámbito onde os custos materiais –os de persoal incluídos– son relativamente baixos e o potencial valor de cambio alto. Por iso a importancia de profundar no coñecemento pormenorizado de todos os actores e das prácticas que definen o sector e a responsabilidade política nun pequeno país como Galicia.

Na análise dunha mostra tipolóxica de empresas produtoras e distribuidoras –deixamos á marxe as de servicios á produción, as de producións de fluxo e as de dobraxe–, que contempla, no interior do sector, empresas “por obra”, sen cadro de persoal fixo declarado, e unha clasificación operativa en pequenas e medias, abranguendo as primeiras as de ata quince empregos, sobrancea a entrada de investimentos do exterior, cun modelo de referencia que é Zenith, baixo a presidencia de Julio Fernández –presidente pola súa vez da produtora con sede en Barcelona, Filmax, e con conexións executivas en Bren Entertainment– e que segundo informacións aparecidas na prensa o control correspóndelle ó grupo Gest Endemol, co 50% do capital e co grupo Telefónica detrás.

Coa crise estrutural que comeza a deixarse ver naquelas de meirande dimensión –tanto en recursos, como en persoal e volume de produción– andan, con todo, a ensaiar a fórmula da *joint venture*, cun referente que quizais sexa Costa Oeste, orientada para as actividades de distribución e na que coinciden as cabezas visibles de Continental e de Faro Produccións e cun 15% para a póla da publicidade, con Imaxe Publicidad S.A.

Cun volume medio de vendas que oscila entre 65 e 130 millóns de pesetas anuais para a empresa de dimensión estándar (datos de referencia para o 1999) e en todos os casos da mostra con exercicios estables nos dous períodos contabilizados, a industria da produción audiovisual reconécese aínda nun modelo sobreprotexido –na subvención, no encargo directo ou no traballo para institucións– para empresas de cativo risco que non podemos, como tendencia, consideralas a xeito de alicerces do sector⁷.

[7] O sábado 29 de setembro de 2001 presentábase ó público AEGA –unha asociación de nove empresas, entre elas as de meirande volume de facturación e con ligazóns no subsector da prensa–, que declara entre os seus albos promover a cooperación para o mercado externo.

5. AS INSTITUCIÓNS

Se non no plano normativo –e que pode lerse como índice da súa propia falla de crecemento, de non asumir as funcións que reclama a representación colectiva– alomenos a nivel de apoio orzamentario e promocional as institucións públicas veñen desenvolvendo programas que teñen como albo o audiovisual. Sen pararnos en campañas como a de dinamización da exhibición que sobre o reclamo *Cine galego na túa cidade* desenvolveu a Dirección Xeral do Audiovisual en programacións como a do CGAI ou nos festivais, interesa de maneira sobranceira a convocatoria estable de axudas a desenvolvemento –a guiñón– e para produción de obras cinematográficas e audiovisuais.

No bienio 1999-2000, a suma das axudas ascendeu a 426 millóns de pesetas, cun repartimento cuantitativo alarmantemente irregular: 276 millóns para o 1999, dos cales 30 millóns para desenvolvemento e 246 para produción; soamente 150 millóns no ano 2000, repartidos en 20.100.000 para desenvolvemento e 129.900.000 para produción. Cómpre ter en conta, asemade, que se advirte un certo chanzo de arbitrariedade verbo dos criterios de repartimento tanto por xéneros como para a categoría de desenvolvemento da idea ou de produción e mesmo de adxudicación, arbitrariedade que dificulta a tarefa interpretativa polo que nos temos que limitar, neste punto, á simple descrición.

Así, no 1999 o total das axudas para desenvolvemento foi para a ficción e só o 13,8% das axudas á produción tivo como obxectivo o documental (34 millóns). Con todo na convocatoria do 2000, o documental obtivo o 25,3% da suma dedicada a desenvolvemento (5.100.000 pesetas) e a porcentaxe na parte de axudas á produción ascendía ó 34,5% (44.900.000).

Como temos publicado en diferentes traballos que tratan da cuestión audiovisual dende as políticas públicas, o feito máis salientable a nivel galego foi a Lei 6/1999, do 1 de setembro do Audiovisual de Galicia, á que, pola súa importancia e polo papel que tería que cumprir, lle dedicamos a parte do Anexo. Interesa, no corpo deste informe, chamar a atención pola falla de desenvolvemento normativo desta tocante á non constitución do Consorcio do Audiovisual de Galicia, con vínculo ás tarefas de fomento que contén o Capítulo II, ou á creación da Comisión do Cinema por parte do Consello Asesor⁸.

Dende a lexislación estatal e aínda que no informe de xestión se inclúan dúas liñas sobre o comezo de probas técnicas, hai que salientar o estancamento do proxecto que no seu día publicitou a explotación de dúas novas canles a partir da posibilidade que se abre ó abeiro da resolución da Secretaría Xeral de Comunicacións (Ministerio de Fomento, BOE 21/07/1999) pola que se habilitaba ás entidades xestoras do servizo público esencial da televisión para prestar servizos de televisión dixital terreal.

Dende Europa como área xeopolítica, e para nós dende culturas e dende nacións que pretenden anchar a democracia, ten especial relevo a modificación da Directiva “Televisión sen Fronteiras” en 1997 e a súa recente incorporación normativa no Estado español con mudanzas na Lei 25/1994, do 2 de xullo, (Xefatura do Estado, BOE 22/04/98, Instrumento de ratificación do Convenio Europeo sobre a Televisión Transfronteriza), sobre todo no que se refire á regulación do sistema de cotas de programación de obras europeas e, como novidade, a introdución dunha cota de investimento do 5% sobre o volume de negocio dos operadores de televisión, con destino a longametraxes e telefilmes. Aínda no marco europeo, hai que sinalar o interese pola protección á produción europea e a consideración da defensa da lingua e da cultura como obrigas de Servizo Público, feito que lle outorga un estatuto especial ó financiamento público de televisións como a galega amais de pasar a consideralas como un elemento case patrimonial das respectivas sociedades.

[8] Neste sentido, existe unha interpelación do Grupo Parlamentar do BNG con data 16 de marzo de 2001, na que se solicitan as razóns de non se ter creado tanto o Consorcio das diversas administracións, institucións e empresas como a Comisión. O 26 de setembro, no acto de presentación da *Guía do Audiovisual* que edita a Xunta de Galicia, o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo anuncia a súa “inminente” creación. A *Galicia film commission* preséntase ó público en Santiago o 11 de outubro de 2001.

De cara ó que será o vindeiro período fixémonos nun dos feitos de meirande relevancia e que entrecruza as posicións da SEPI –Sociedade estatal de participación industrial–, coa da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e as da TVG, no mes de xullo de 2001, fronte do documento de reflexión da CE sobre axudas ós servizos públicos de radiodifusión a partir, precisamente, da xa famosa afirmación, no Protocolo ó Tratado de Amsterdam (xuño, 1998), de que “o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros (da UE) está directamente relacionado coas necesidades democráticas, sociais e culturais de cada sociedade e coa necesidade de preservar o pluralismo nos Medios de Comunicación”.

Pois ben, o devandito documento de reflexión da CE vai ser rexeitado por axentes tan diferentes como os citados, tanto polo descoído interesado e aberrante que efectúa en canto asimila o concepto “servicio público” ó de “interese económico xeral” para, deste xeito, deixar sen contido a súa dimensión política e cultural, como por se extralimitar nas súas competencias en menoscabo dos Estados membros e da súa responsabilidade á hora de definir as ditas funcións de “servicio público” e de artellar, en cada caso, a súa execución.

Igual que Francia, Reino Unido ou Alemaña, o Estado español dispónse a defender canda eles, ó abeiro da resolución do Consello da Unión Europea do 25 de xaneiro de 1999, o “Protocolo” e a criticar o senso restrictivo que lle pretende dar a Comisión.

Polo seu valor estratéxico escolmamos a resposta da Secretaría de Estado ó parágrafo 39 do documento, nomeado “a Comunicación”, parágrafo que sostén que os sistemas de radiodifusión pública non deben estenderse a outras actividades que non sexan necesarias para a súa tarefa, criterio que implicaría “imposibilitarlles ós organismos de radiodifusión a asignación de misións de servizo público no cadro das novas tecnoloxías de difusión dixital en relación cos novos servizos da sociedade da información”.

Nas razóns que engade a CRTVG, convén remarcar o seu percorrido polos textos e declaracións europeas que fan referencia á diversidade lingüística e cultural e o seu fincapé, precisamente, na produción e programación de contidos audiovisuais europeos, máis caros –sinala a TVG na súa resposta– que os importados (americanos) e pola necesidade, en situacións como a de Galicia, de considerar os espazos comerciais que oferta a canle pública como parte do interese común.

Velaquí que, despois de nos lembrar que a pesar de recibir outras cinco canles por ondas hercinianas, puntualiza:

todas elas utilizan unha lingua diferente á de ‘Televisión de Galicia, S.A.’ e non porque veña existir norma algunha que lles impida usar a mesma (o galego), ou técnica que non lles permita utilizar dúas linguas distintas para sincronizar unha imaxe única, senón porque o seu custe, en relación co número e o cativo potencial económico da poboación de Galicia, non lles resulta atraínte comercialmente para realizar as súas emisións en lingua galega.

6. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

1. Asumíndose como actor na política europea do audiovisual, a televisión pública inscríbese nun proceso de construción das condicións de existencia da sociedade galega. A súa posición en Bruxelas a propósito do financiamento, da produción ou dos contidos de programación a partir de vectores galegos é un dos índices da articulación das súas funcións como operador económico e mais como suxeito político-cultural.
2. A TVG vai definindo máis e máis o seu perfil estruturante tanto ó manter o programa de seu para a produción de *stock* en Galicia, con catro novas series en estrea: *Avenida de América*, de produción propia, *Un mundo de historias*, con Pórtico Comunicacóns, *Terras de Miranda*, con NTR (denantes VídeoVoz), e *Pequeno Hotel*, con CTV, e con varios proxectos de telefilmes en desenvolvemento: a serie *As pegadas do medo*, con Continental/Costa Oeste, e mais a miniserie *O Marqués de Sargadelos*, con Costa Oeste e a TVE, como por dar continuidade ás coproduccións coa FORTA –outros 6 telefilmes concluídos– e dar inicio ás tres producións galegas acordadas no convenio coa NBP e que serán encomendadas a Portozás Visión, CTV e mais NRT.
3. O incremento da produción de *stock* non implica de seu nin a estabilidade económica ou a capacidade de aumentar o valor engadido das obras nin a contribución á práctica da diversidade cultural e lingüística que está en relación directa coa súa circulación na lingua orixinal, dentro e fóra, definindo un proxecto de subtítulaxe/espacios de comunicación, singularmente para áreas

como a da periferia atlántica, con países afeitos a esta mecánica a través de experiencias como a de Northvision para a zona nórdico-finesa, ou dinamizando a posibilidade de uso efectivo das variantes do galego-portugués na área da lusofonía, para fórmulas de televisión cultural –modelo ARTE– transnacionais e multiculturais. Non cómpre lembrar a positiva experiencia da creba do galego estándar en *Mareas Vivas*.

4. O anterior non se poderá facer efectivo sen unha harmonización profunda con outros ámbitos institucionais que xustifican as axudas ó audiovisual baseándose en vectores lingüísticos como parte da normalización da industria cultural de Galicia. Cómpre, así, establecer mecanismos de comprobación para aspectos tan de base como o respecto ós compromisos tocante á V.O. en galego ou á estrea neste idioma. A figura, xa consolidada noutras televisións, do “delegado responsable” para traballar conxuntamente coas empresas coas que se establezan acordos de coproducción ou pre-adquisición de dereitos é imprescindible para garantir o uso acaído do orzamento público.
5. Neste senso e contando co coñecemento exhaustivo do sector tanto a nivel puntual como na súa evolución, poderase facer efectivo o programa que defina o Consorcio Audiovisual ou os obxectivos da Comisión do Cinema e, de novo, aparecerá en escena a necesidade de transformar o Consello Asesor das Telecomunicacións e o Audiovisual, hoxe dependente da Administración, nunha autoridade independente homologable coas europeas.
6. No desenvolvemento de programas de investigación e de coñecemento da industria da comunicación e da cultura e na súa incardinación na sociedade da información, programas que de seu unen instancias políticas, económicas e universitarias, temos propiciado a análise comparativa entre pequenos países que se apuntan como parte máis visible da nova política europea, iso que poderíamos publicitar como articulación entre “comercio e cultura”, precisamente pola imposibilidade de arredar unha do outro e ambos os dous da acción institucional.
7. Mantemos, tamén como inevitable, a discusión de proxectos de integración transrexional, como o de Galicia-Norte de Portugal, e a asunción doutras modalidades de integración des-

continuas –sen fronteira física– como a que estamos formulando para a conexión das empresas audiovisuais e multimedia de diferentes países mediados pola diferenza cultural e lingüística, tanto para a creación de valor da súa produción e dos seus arquivos como para o impulso e a consolidación de sistemas de posta ó día e de aprendizaxe, de *e-learning* e de tele-acción. Contemplamos, en suma, o efecto *clustering* no interior dun mercado global de rápidas mudanzas e de altísima competitividade, para contribuír a crear condicións favorables no desenvolvemento do intercambio, a coprodución e a difusión a partir, tamén, das infraestructuras de mantemento da industria da comunicación e da cultura.

Margarita Ledo Andión
Directora do Observatorio do Audiovisual
Universidade de Santiago de Compostela

7. ANEXOS

RESUMO DAS ENTREVISTAS A EXPERTOS NO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO

Nos anos 1998-2000, co gallo da publicación do anterior catálogo, entrevistamos a algúns dos produtores máis representativos do panorama audiovisual galego. Quixemos coñecer a súa opinión sobre distintos aspectos do sector. Analizamos con eles a situación actual da produción audiovisual galega, as súas problemáticas e expectativas de futuro. As conversas xiraron arredor de diversos temas: contidos das producións, lingua empregada, modalidades de produción existentes, fórmulas de financiamento, necesidades actuais do sector, tipos de distribución, formación dos profesionais e balance xeral do sector.

CONTIDOS

Se se quere protexer a industria é preciso facer produtos universais porque existirán máis posibilidades de vender o produto. Agora ben, se pretendemos potenciar ou protexer a cultura, hai que cambiar a mentalidade. Nese caso habería que facer cousas locais de cara a fóra. Pero penso que habería que separar entre protexer a industria e protexer a cultura.

Antón Reixa. Portozás Visión

Hai que intentar innovar e hai que estar pensando constantemente en qué podes facer para desenvolver un produto co que poidas ir a Xapón e poidas ir a América e os dous mercados poidan estar interesados por el.

Javier Valiño. I. J. V.

Hai un problema económico de transpando á hora de falar dos contidos. Hai que pensar en vender a fôra, e a lingua é un obstáculo importante para acadar esta distribución. Se queremos facer un produto só para nós, probablemente nos arruinemos. Sen embargo, moitas veces son españois ou galegos os que triunfan noutros países, con máis medios e cun sistema de distribución máis mellorado.

José María Aragonés. Bren Entertainment-Filmx

Con respecto á concepción de contidos identitarios, hai que pensar en local e actuar en global. A clave é que aquilo que contes debe ser entendido polo resto do mundo. A clave da universalidade non é que rodeas en Lisboa, París e Galicia senón que pode haber películas universais rodadas en calquera vila galega. O fundamental é a trama, polo que hai que procurar que haxa un bo guión, que debe ser contrastado con xentes doutras culturas para confirmar que se entende noutros lugares.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

LINGUA

A lingua é un referente moi importante para nós. E nese sentido, Galicia como país produtor non ten un problema diferente ó que ten calquera país europeo. Sabemos que a diversidade lingüística europea é unha característica coa que hai que enfrontarse. Rodar en galego sendo galego non é un problema distinto que para un sueco rodar en sueco.

Antón Reixa. Portozás Visión

O idioma é un problema e é un hándicap. Utilizar o castelán para intentar introducirte en mercados dáche unha facilidade engadida que non che dá o mercado inglés ou o africano ou o xaponés; a partir de aí é unha facilidade ou unha contribución ó produto que che dá a lingua.

Javier Valiño. I. J. V.

Con respecto á lingua nas producións audiovisuais hai que ter en conta que a dobraxe non existe noutros países, polo que non queda máis remedio que subtitulala, o cal implica un descenso do público. Hai que tentar facer unha versión multilingüe, na que a rodaxe sexa nas linguas máis universais pero atendendo tamén ó específico. Hai que intentar facer películas en galego, que recoñezan a nosa cultura, pero, por riba de todo, que sexan rendibles. O feito de primar que as películas feitas en Galicia se vexan en galego é unha experiencia moi positiva, pero a cultura non se impón, porque senón provócase un rexeitamento visceral. Agora en Galicia hai unha especial sensibilidade co da lingua, e houbo proxectos que demostraron que hai produtos rendibles e é un bo momento para potenciar. Pero creo que unha mala fórmula é a de impoñer un comisario político que censure o traballo do actor e da interpretación por criterios lingüísticos.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

MODALIDADES DE PRODUCCIÓN

A coproducción é o xeito máis proveitoso para todas as partes pola súa fórmula de repartimento de gastos e beneficios.

Antón Reixa. Portozás Visión

Se pensamos en exportar produtos a primeira cousa que temos que facer é abrímos a coproducir con empresas doutros países. Este é un xeito de entrar en contacto con eles para que coñezan como traballamos aquí. Despois serán eles os que queiran coproducir con nós. A coproducción é a fórmula ideal no panorama internacional. O principal problema é a competencia de USA e o único xeito de participar no mercado é poder chegar a todos os sitios.

José María Aragonés. Bren Entertainment-Filmax

Eu sempre intentei non buscar nada fóra, porque ó mellor cando buscas algo non o hai. Só coproduzo coa TVG. Sempre coproducín comigo mesmo porque teño a sorte de contar con todos

os recursos tanto técnicos como humanos necesarios, polo que o que fago é poñer os cartos. Teño a vantaxe ademais de que a TVG sempre me apoiou en todos os meus proxectos, xa sexa inicialmente ou unha vez postos en marcha, porque sabe que o que producimos vai ter o éxito asegurado.

Javier Valiño. I. J. V.

Estamos a traballar duro nese aspecto e interésannos moito as posicións que están adoptando as produtoras de Centroeuropa e do norte de Europa, e probablemente acabemos colaborando en proxectos. De momento, coproducir con Estados Unidos non é viable. Hoxe en día é un trato demasiado desigual. No noso mundo a relación cos EE.UU. obriga a que o proxecto se faga fóra. O ano pasado houbo interesantes ofertas de grandes produtoras americanas para rematar o proxecto de *O Bosque Animado*, pero iso implicaba que parte do noso equipo se tivese que desprazar a Hollywood, e non estabamos dispostos.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

FINANCIAMENTO

O ideal é o autofinanciamento. Pero iso é difícil. No noso caso queremos ter no primeiro ano unha empresa capitalizada, que seguramente implicará a entrada de novos socios, aínda que sexan só financeiros. As empresas galegas deben aspirar a estar autosubvencionadas e a non vivir exclusivamente das subvencións públicas ou de empresas públicas.

Antón Reixa. Portozás Visión

A única solución para poder facer produtos en España exclusivamente é a través das subvencións. Pero é unha mala política porque así lógrase consolidar unha produción pero non se lle dá a continuidade necesaria para crear industria. Isto non é unha solución. Pensamos que o ideal é a coproducción e o autofinanciamento dos proxectos con países estranxeiros. Agora ben, se un ten que producir exclusivamente en España, só pode facelo con axudas deste tipo. Pero con isto non

conseguiremos nunca que un produto sexa rendible. A este respecto aseguro que a decisión da UE (prohibir as subvencións directas ó sector audiovisual, prevista para o 2004) é unha das primeiras fórmulas que se orienten cara ó “endementamento do sector”.

José María Aragonés. Bren Entertainment-Filmax

A calidade das nosas producións fai que atopar subvención sexa moi sinxelo. Se es un dos mellores no que fas e tendo en conta que a administración está apoiando este sector é relativamente fácil atopar subvencións, aínda que iso non quita que un asuma un risco. Sobre a política de subvencións da Xunta prefiro non pronunciarme porque son benefactor dela. Respecto á retirada das subvencións autonómicas para este sector anunciadas para o ano 2003 estráñame moito que se retire un apoio a un sector emerxente como é o do audiovisual, destinado a converterse nun dos motores da economía mundial. Asímbrome moito porque é unha das poucas subvencións que ten unha utilidade real inmediata para un grupo sectorial.

Javier Valiño. I. J. V.

Desde a Unión Europea e desde o mundo da globalización están a falar todos os días da necesidade de acabar coas subvencións, de que as empresas teñen que facer cousas cos seus recursos. Se facemos unha formulación paralela, é coma se fosemos bebés e nos puxesen a pelexar cun adulto. Nós non podemos competir neste mundo globalizado con grandes compañías nin con países que están a apoiar dun xeito ou outro a súa industria. Cando desde outros países subvencionados deste xeito se estaba a dicir que en España se subvencionaba moito ás empresas, estábase buscando unha fórmula para que aquí non se crease tecido empresarial. O que a outros países lles interesa é que non se cree industria aquí que lles poida facer competencia.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

Cando se fala de subvencións pénsase que che están pagando a película, pero realmente estanche dando unha axuda moi pequena. Eu defendo o *capital semente*, isto é, o capital para axudar á xente a pór en marcha proxectos. Que despois o 90% non acaben saíndo adiante é normal.

Pancho Casal. Continental Producciones

NECESIDADES DO SECTOR

Faltan empresas ben consolidadas. No sentido de que estean ben capitalizadas en financiamento e persoal; que non haxa esa dicotomía tan habitual en Galicia entre empresas de tamaño grande e creatividade cero. Ten que haber empresas e empresarios máis homoxéneos e cun sentido da intervención neste sector audiovisual claro. En Galicia, hai un exceso de empresas pequenas e de empresas grandes que carecen de talento. Pero penso que, na medida en que vaia aumentando a produción, mellorará todo isto.

Antón Reixa. Portozás Visión

As principais necesidades do sector audiovisual galego actualmente son profesionais en todas as áreas (cámaras, produción...). O problema non é a formación, o problema é que non hai xente. Hai unha escola de Imaxe e Son que funciona relativamente ben, que pon os medios para que a xente aprenda. O problema é que dunha promoción de 100 cada ano pode haber 3 ou 4 interesantes para unha productora. A situación é incerta. O audiovisual é un sector no que aínda que hai un crecemento potencial ilimitado faltan produtores executivos. Está moi atomizado, hai pequenas empresas, pero non hai unha grande empresa, non hai productoras que despunten e que poidan levar adiante proxectos de envergadura.

Javier Valiño. I. J. V.

As grandes necesidades do sector en Galicia na actualidade son a formación e a creación dos mecanismos de financiamento e de garantías adicionais para que os produtores convertan os contratos en cartos. (...). Vaise producir un proceso de selección natural: hai moitas pequenas produtoras que co tempo desaparecerán e non hai nada que facer.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

As necesidades máis urxentes non se refiren á tecnoloxía; pódese dicir que posuímos unha infraestrutura suficiente. A nivel financeiro ocorre outro tanto: as maiores carencias danse no que toca á creatividade, faltan ideas orixinais, novos formatos de TV.

Alfredo Alemparte. TV7

O primeiro é ter proxectos, xente que escriba historias, esa é unha primeira necesidade. Outra sería crear un centro de formación permanente do audiovisual onde se poida reciclar a xente de todo tipo. Fundamentalmente, para min, o máis importante de todo é o tema de desenvolver proxectos, de crear guionistas, creadores de historias de forma estable. Faltan cartos, falta un sistema de axudas da Xunta de Galicia que sexa lóxico, e, para nós, isto significa que enlace dúas partes. Por unha banda, axudas a novos realizadores sobre o proxecto, como a axuda do Ministerio de Cultura, e, por outra, axudas industriais destinadas a todo aquel que faga unha película e a estree, que fose unha vía totalmente automática. Trátase de posibilitar que haxa cine de maneira estable en Galicia.

Pancho Casal. Continental Producciones

DISTRIBUCIÓN

A distribución en TV debería ser un elemento animador da produción en Galicia. Os produtores galegos estamos desenvolvendo proxectos que despois son comprados pola TVG e aí queda o asunto. Debería distribuílos a TVG. Nos nosos negocios coa TVG deberían reservarse a favor do produtor unha serie de dereitos de formato, dereitos de explotación para distribuír eses produtos... Iso permitiría que a TVG puidese pensar que hai outros retornos e os produtores serían conscientes de que, ademais dos cartos da TVG, hai unha posibilidade de mellorar esas expectativas económicas na distribución. De momento isto non está a pasar.

Antón Reixa. Portozás Visión

É preciso incluír a distribución no deseño de produción dun produto. É preciso definir unha área de destino, ben cultural, ben doutro xeito. Agora ben, se busco unha rendibilidade económica teño que facer cousas máis globais para acadala dun xeito máis asegurado. Isto non quita que poida facer produtos dos dous estilos, pero se pretendo facer só produtos altruístas, probablemente me arruíne, aínda que sexan un éxito.

As novas modalidades de distribución son algo positivo para todos. Desde o punto de vista social porque é un mellor xeito de chegar a todos, e desde o punto empresarial porque son novas

saidas e polo tanto máis facilidades de recuperar os investimentos. Pero isto depende moito do produto e de como se deseñase.

José María Aragonés. Bren Entertainment-Filmax

É importante coidar a exhibición. Apoiar un circuito que contribúa a exhibir e que mime especialmente as películas feitas en Galicia. Iso pódese trasladar a nivel internacional onde se poidan exhibir películas galegas en galego, no seu idioma ou en calquera outro, etc. Todo o que se fai nese terreo é importante. Pero iso non debe facernos esquecer que as películas feitas en Galicia sexan o máis internacionais posibles, porque iso é o que contribúe a facer sector. É precisa a concentración. Consegui facer produtos de éxito. Se nós conseguimos iso, os produtores de fóra xa virán chamarnos a nós. Por iso hai que coidar de facer produtos de boa calidade e que se vexan fóra.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

O futuro é agruparse. Hai que ser coherente, saber o teu tamaño e definir ben o percorrido. Non é bo que unha empresa se lance ó mercado con moito bombo e ós dous anos non se saiba se existe. O mercado da distribución precisa estabilidade e permanencia constante das empresas. O peor na distribución é a falta de continuidade.

Marco F. Meere. Producciones Costa Oeste e Imaxe Galega

O ideal sería un modelo mixto público-privado de distribución. As axudas da Xunta só cobren unha pequena porcentaxe do gasto. De feito creo que hai unhas iniciativas de empresas de aquí que se van dedicar a ese traballo de venda ou distribución: captar clientes e tratar de mover ese produto fóra. Xa hai acordos de empresas galegas con distribuidoras nacionais para quen lle interese mover este tipo de produtos. É evidente que iso sería o máis oportuno, no sentido de que vai ter sempre máis iniciativa de venda, de que se van preocupar sempre de mover máis o produto cando hai intereses económicos. Pero, polo de agora, son iniciativas privadas que non teñen nada que ver coas institucións.

Alfredo Alemparte. TV7

A iniciativa ten que ir pola creación dunha distribuidora que posibilite a colocación dos nosos produtos no mercado internacional. Eu sei que xa se está falando de proxectos de distribuidora nacional galega. Pero eu penso que por aí non se vai a ningures. Como se pretenda montar unha distribuidora con capital público, propiedade da Xunta por exemplo, servirá para que coloquen catro ou cinco sobriños, pero nada máis. A realidade é que todas as distribuidoras de Cataluña e Andalucía dependentes da Administración non serviron para nada máis que para gastar cen millóns ó ano. A miña formulación é chegar a iso pero vía contrato, isto é, chegando a un contrato cunha distribuidora comercial que realmente traballe o mercado a comisión. É o único xeito de que teñan interese en sacar o tema adiante.

Pancho Casal. Continental Producciones

FORMACIÓN

A formación dos profesionais debería estar na universidade ou na formación profesional moi cualificada. Dentro das empresas si hai un sistema de autoformación, que moitas veces é perverso, pero a formación está na universidade.

Antón Reixa. Portozás Visión

Os nosos traballadores están formados pola propia productora. Utilizamos a política de canteira e non a de fichaxes. Estamos xogando na primeira división do audiovisual internacional con xogadores de canteira, que se formaron con nós.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

A Escola de Imaxe e Son subministra persoas bastante preparadas e a reciclaxe non é traumática, hai unha boa adaptación ás novas tecnoloxías, en contraste con momentos anteriores nos que se constataba un certo diletantismo.

Alfredo Alemparte. TV7

BALANCE

En xeral, en Galicia xa quedou demostrado que sabemos facer produtos de ficción para consumo propio, de éxito e moi competitivos. E non digo que funcionen ben na TVG. Efectivamente funcionan ben na TVG pero contra outros produtos que están noutras canles á mesma hora e que teñen un gasto económico enorme. Agora fai falta que se fagan produtos que non sexan de auto-consumo, senón que sirvan para distribuír. En cine está demostrado que aquí se saben facer películas, que hai técnicos. Agora só fai falta abandonar a épica de filmes coma *Sempre Xonxa* ou *Fisterra*, que foron vistas coa coacción do espectador de ser consciente de que estaba vendo unha película de aquí. Fan falta *exitazos*, unha ou dúas películas de referencia dentro e fóra de Galicia.

Antón Reixa. Portozás Visión

O panorama variou nos últimos dous anos. Hai dous anos a produción estaba en mans de moi pouca xente e dificilmente saía de Galicia. Facíase un produto endémico que quedaba na TVG e non saía fóra das nosas fronteiras, sobre todo no multimedia. Pero nos últimos anos, cos bos documentais, series e películas que estamos a producir imos por bo camiño. Temos un referente fóra. Algúns están moi preocupados polo que se está a facer en Galicia porque teñen medo á competencia que poidamos dar. Outros están moi interesados nos nosos produtos e están interesados en facer cousas en Galicia. Estamos nun bo momento e hai que mantelo pero é imprescindible que nos próximos anos teñamos produtos de éxito, nos despachos de billetes e entre os espectadores.

Manolo Gómez. Dygra-Filloa

Entrevistas realizadas por Pilar Carrera e Xosé Pereira
Escolma e transcripción a cargo de Lucía Barreiro

INFORME DA LEI DO AUDIOVISUAL DE GALICIA

Despois de transcorridos case dous anos desde que a Lei 6/1999, do audiovisual de Galicia, fora aprobada por unanimidade no Parlamento, varios dos proxectos e iniciativas que se establecían no texto legal aínda non tiveron o desenvolvemento institucional necesario. A Lei partía co obxectivo de regulamentar e favorecer o sector audiovisual e crear un “marco legal que lles permitise ós cidadáns expresarse cos medios oportunos dentro do noso espacio audiovisual e cultural”⁹, tal e como se recolle no propio texto. A normativa conta con catro capítulos, dedicándoselle o segundo deles ás actividades de fomento do sector audiovisual, o terceiro á parte da exhibición e o capítulo IV ó desenvolvemento do Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia. A pesar de que a este último organismo é ó que se lle dedica máis espacio na Lei, a normativa confire un maior protagonismo á constitución do Consorcio Audiovisual de Galicia, un organismo que por moitos é considerado como o futuro elemento vehiculizador do sector audiovisual galego. A este respecto o deputado do PSdeG-PSOE, José Luis Méndez Romeu, afirma que o Consorcio “achegaría e distribuiría financiamento e polo tanto del dependería a capacidade de produción”.

[9] Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia; exposición de motivos.

[10] O protocolo deste organismo asinouse en Santiago o 16 de outubro do 2001, cando transcorreran 28 meses dende que o 29 de xuño do ano 1999 se aprobouse por unanimidade o texto lexislativo no Parlamento. As partes asinantes deste protocolo foron: a Xunta de Galicia, as catro Deputacións provinciais, Caixa Nova, Caixa Galicia e a Compañía de Radio Televisión de Galicia. Sen embargo, e a pesar dese acto, a Consellería de Cultura aínda non elaborou os estatutos da entidade, polo que o funcionamento real do novo organismo non se producirá ata o ano 2002.

centra no devandito Consorcio, o artigo 9º, é a xeneralidade da súa formulación, que provoca que non se especifique nin o organigrama, nin a estrutura, nin tampouco os prazos de entrada en funcionamento deste organismo¹⁰. Desde a Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual afirmase que a Comisión do Audiovisual, dependente pola súa vez do Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia, é o organismo encargado de definir o organigrama e as funcións do Consorcio.

Unha das preguntas esenciais que se fai a oposición é se durante os anos transcorridos dende a aprobación da Lei ata o momento actual se estivo traballando a prol da definición do Consorcio, así como se se consultou a expertos e se se estudiaeron outros antecedentes. Dende a

Dirección Xeral afirmase que na actualidade estanse facendo consultas ás entidades que forman parte das distintas administracións, a asociacións do sector audiovisual e a fundacións sen ánimo de lucro, coa pretensión de que o Consorcio sexa “de carácter interadministrativo”¹¹ tal e como se recolle no punto terceiro do artigo 9º da Lei.

Ata a entrada en funcionamento do Consorcio non se promoverá a creación dunha oficina do audiovisual, unha *film commission*, que terá a función de fomentar e facilitar as rodaxes en Galicia. No libro *O Sector Audiovisual en Galicia* a autora, Edith López, destaca que se trata “dunha actividade encamiñada ó aproveitamento e optimización dos recursos económicos e materiais cos que conta a nosa comunidade” e que “de constituírse a actividade da Film Commission podería resultar moi positiva en termos económicos, xa que os custos derivados de rodaxes, viaxes, contratación de persoal... desprenden unhas cifras considerables”¹². Na Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual afirmase que entrará en funcionamento cando se constitúa o Consorcio xa que será un organismo dependente del¹³. Ata o de agora e con respecto a actividades relativas a este oficina do audiovisual, o 23 de marzo deste ano aparecía publicado no Diario Oficial de Galicia unha resolución da Consellería de Cultura, que fora aprobada o 14 de marzo, pola que se anunciaba a contratación por concurso público e sistema aberto, cunha dotación económica de 9 millóns, de asistencia técnica para a realización dun estudio para o desenvolvemento da devandita oficina de rodaxe.

O órgano ó que se lle dedica máis espacio na Lei, o total do capítulo IV, é o Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia. Este organismo fora creado o 13 de xullo do ano 1995 polo Decreto 307/1995 e modificado polos Decretos 354/1996, do 19 de setembro, no que se aprobaba o Regulamento do seu Funcionamento, e polo Decreto 199/1998, do 2 de xullo. Despois de aprobada a Lei, regulouse de novo a composición e as funcións do Consello, co Decreto 276/1999, do 21 de outubro, e o seu funcionamento, mediante a Orde do 17 de novembro de 1999. Estas recentes normativas xustificanse como unha consecuencia da Lei xa que, como se recolle no Decreto 276/1999, a Lei “obriga a unha nova regulación daqueles organismos que desempeñan actividades directamente relacionadas co sector audiovisual galego co fin de adaptalos ás súas pre-

[11] Lei 6/1999, do audiovisual de Galicia; capítulo II, artigo 9º, punto 3.

[12] *O Sector Audiovisual en Galicia*, Edith López, Edicións Lea, Santiago de Compostela, 1999, p. 35.

[13] A Comisión de Cine de Galicia presentouse no Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela o 15 de outubro de 2001.

visións¹⁴. Na Lei do Audiovisual preténdese darlle un maior pulo a este organismo e desta maneira dótase da capacidade de crear cantas comisións considere necesario. No punto 3 do artigo 13, “Do Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia”, recóllese que “o consello funcionará en pleno, comisión permanente e a través das comisións do audiovisual, de usuarios e operadores e do cine de Galicia e, así mesmo, de cantas decida crear o propio consello dentro das súas competencias¹⁵. Avanzado o texto, no punto 3 do artigo 15, “Das Comisións”, o texto especifica que o “consello asesor propiciará tamén como tarefa inmediata a creación da Comisión de Cine de Galicia¹⁶. Ata o momento e segundo a Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual xa están integradas polos seus membros a Comisión de Audiovisual, a Comisión de Telecomunicacións e a Comisión de Arbitraje, non así a de Usuarios e a de Cine, que non teñen desenvolvida a súa composición. As tres primeiras comisións foron creadas a partir da Lei, pero postas en funcionamento a partir de que a Comisión Permanente do Consello Asesor celebrara o 27 de marzo do ano 2000 unha reunión na que, entre outras cousas, se designaron as persoas que formarían parte de cada comisión e se lles encomendaron unha serie de materias e tarefas. Estas comisións creáronse para o “estudio de temas concretos e como órganos de traballo do Consello Asesor das Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia”, tal e como se recolle no artigo 9º do Decreto 276/1999, onde tamén se especifica que as comisións estarán “integradas por ata un máximo de 6 vocais designados pola Comisión Permanente, que serán presididas polo vocal que designe o Presidente¹⁷”.

[14] Decreto 276/1999, do 21 de outubro, polo que se regula a composición e as funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia; exposición de motivos.

[15] Lei 6/1999, do audiovisual de Galicia; capítulo IV, artigo 13, punto 3.

[16] Lei 6/1999, do audiovisual de Galicia; capítulo IV, artigo 15, punto 3.

[17] Decreto 276/1999, do 21 de outubro, polo que se regula a composición e as funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia; artigo 9, punto 1.

A comisión máis desenvolvida ata este momento é a do Audiovisual. Nas dúas ocasións en que se xuntaron os membros da devandita comisión debatéronse e fixéronse suxestións ós borradores das dúas propostas que se lle encomendaron a este organismo, como son o anteriormente explicado Consorcio do Audiovisual de Galicia e o futuro Decreto de Fomento do sector audiovisual. Pola súa banda, a Comisión das Telecomunicacións, que aínda non se reuniu, encargárase posiblemente do estudio dos concursos dos medios dixitais, principalmente da radio dixital. A Comisión de Arbitraje non vén especificada na Lei como unha

das comisións que habería que crear aínda que as súas funcións derivan do artigo 14 sobre *Funcións de arbitraje* ó recoller o texto lexislativo que o consello “exercerá funcións de arbitraje co fin de lles garantir ós usuarios unha oferta de servizos competitivos nos supostos de situacións de dominio de mercado”¹⁸. Esta función de arbitraje tamén se inclúe entre as funcións da Comisión Permanente especificadas na Orde do 17 de novembro pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello ó puntualizar que terá que “exercer, logo do informe da Comisión sectorial correspondente, as funcións de arbitraje na resolución de conflitos que lle sometan os interesados, de acordo co previsto no artigo 14 da Lei 6/1999 do 1 de setembro”¹⁹.

No artigo 13 da Lei, ademais de especificar a creación das comisións, tamén se recolle que o Consello, “a través da súa Comisión Permanente, elaborará un informe anual, de carácter público, sobre a actividade dos respectivos sectores”²⁰. Dende a Dirección Xeral de Comunicación Social, postérgase esta información ata despois da próxima reunión da Comisión Permanente.

Esta falta de desenvolvemento da normativa levou ó Bloque Nacionalista Galego a presentar o 18 de marzo deste ano unha interpelación á Mesa do Parlamento relativa ó cumprimento de preceptos da Lei do audiovisual de Galicia. As principais preguntas céntranse en por qué non se creou ata o de agora o Consorcio do Audiovisual e en se o Consello Asesor desenvolveu o que se especificaba na Lei e nos Decretos que regulaban a súa estrutura e o seu funcionamento. Debido a que soamente transcorreron dous meses dende que o BNG presentou esta iniciativa parlamentaria aínda non foi debatida en pleno nin, polo tanto, obtivo resposta dende o Partido Popular. De todos os xeitos o partido nacionalista foi o único grupo da oposición que fixo algunha interpelación á Lei do audiovisual xa que nin o PSdeG-PSOE nin o Grupo Mixto fixeron preguntas no Parlamento ó respecto.

[18] Lei 6/1999, do audiovisual de Galicia; artigo 14, punto 1.

[19] Orde do 17 de novembro de 1999 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia; capítulo IV, artigo 31, punto 10.

[20] Lei 6/1999, do audiovisual de Galicia; capítulo IV, artigo 13, punto 5.

O FUTURO LIBRO BRANCO DO AUDIOVISUAL

Na alínea b) do artigo 2 do Decreto 276/1999 inclúese como unha das funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e do Audiovisual de Galicia “coñecer e emitir informes sobre as liñas estratéxicas de actuación recollidas no libro branco das telecomunicacións, así como no futuro libro branco do audiovisual de Galicia, que poñerá en marcha a Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual”²¹. Con respecto a este último punto, na actualidade o traballo sobre o “libro branco da cinematografía e artes visuais en Galicia” atópase na fase de documentación, estando algúns puntos case completados e outros, pola contra, case baleiros de información. O traballo de recollida de datos sobre a última década, que é o período que abarca este libro branco, comezou entre novembro e decembro do ano 2000 coa previsión de ter rematada esta primeira fase en abril deste ano, pero a dificultade dalgúns campos da investigación e a pouca iniciativa dalgúns fontes audiovisuais para comunicar os seus datos están provocando que se atrase a data de remate. Esta tarefa de recollida de datos realízana os profesores da Facultade de Historia da Universidade de Santiago Xosé Nogueira e Isabel Sampere. Rematada esta fase, distintos redactores encargaranse dos tres grandes capítulos dos que consta o libro branco. O primeiro destes campos é o dos *creadores*, que pola súa vez se subdivide en cinco partes, que son a da “producción”, da que o encargado é o documentalista do CGAI, Jaime Pena, a dos “profesionais”, que na actualidade, e despois de que o produtor Eloy Lozano se desvinculase do proxecto, non ten aínda fixado o redactor, a parte de “¿de que fala o audiovisual galego?” e a das “relacións con outras áreas culturais”, a cargo do cineasta A. Luis Hueso, e, por último, a das “relacións con outras áreas industriais/económicas”, da que se encargaría Manolo González.

O segundo gran campo sería o dos “mediadores” e dentro del incluíriáanse sete epígrafes. O primeiro e o segundo deles, o da “exhibición” e o da “distribución” respectivamente, estarán a cargo do crítico Miguel Anxo Fernández, o terceiro, que é o da “dobraxe”, a cargo do cineasta Raúl Veiga, o cuarto, que é o da “televisión”, a cargo do director da área de desenvolvemento da productora NTR, José Antonio Coira, o quinto, que é o de “Internet”, a cargo de Manolo

[21] Decreto 276/1999, do 21 de outubro, polo que se regula a composición e as funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia; artigo 2, alínea b).

González, e o sexto e o sétimo, que son o da “política audiovisual e o da historiografía, investigación, conservación”, tamén a cargo de Luis Hueso.

O último dos campos é dos “receptores”, que pola súa vez se subdivide en tres campos. Unha Comisión Técnica –integrada por Iago Seara, Xosé María Besteiro e os demais redactores– encargárase de desenvolver o primeiro e o segundo deles, que son respectivamente o dos “usos e gustos do público galego” e o da “identificación/coñecemento do audiovisual galego”. O terceiro e último epígrafe, tamén desenvolto por Manuel González, é o da “educación audiovisual”.

Nota: O 26 de setembro de 2001 na presentación de “Audiovisual Galego. Empresas e recursos”, o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo anunciaba a inminente posta en marcha do Consorcio e da Comisión do Cine.

Informe elaborado por Olalla Sánchez Pintos
Santiago de Compostela, xuño de 2001

ANÁLISE DA GRELLA DE PROGRAMACIÓN DA TVG

Con motivo da publicación deste catálogo decidimos analizar o espazo que representan estes produtos audiovisuais no conxunto da programación da Televisión de Galicia. Con tal fin, collemos a grella de programación das dúas primeiras semanas de novembro de 2000 e as dúas primeiras de abril de 2001, períodos nos que a programación de inverno está xa asentada e non presenta alteracións importantes e que, polo tanto, poden ser representativos do global da programación que emitiu a canle autonómica no último bienio.

